

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA ONCE DE
AGOSTO DO DOUS MIL VINTE: - - - - -**

EXPTE. NÚM. 202005142

**PRESIDENTE:
Telmo Martín González**

**CONCELLEIROS/AS:
Juan Antonio Deza Otero
María Paz Lago Martínez
Daniel Arosa Dasilva
María Deza Martínez
Marcos Guisasola Padín
Flavia Besada Otero
Oscar Vilar Sartages
Jaime Leiro Otero
Paula Martínez Santos
Ainhoa Fervenza Celestino
Marta Caneda Prieto
Fernando Otero Montes
Sandra Fernández Agraso
Andrea Ucha Bouzada
Vanessa Rodríguez Búa**

**INTERVENTOR:
José Juan Vidal Vilanova**

**SECRETARIO XERAL:
Angel Luis López Pita**
=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as nove horas e trinta minutos do día once de agosto de dous mil vinte, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde TELMO MARTÍN GONZÁLEZ**, reuníronse os/as Sres./as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria e urxente da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----



1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

Sr. Presidente:

Á urxencia está xustificada, porque senón perdemos a subvención, era o último día, creo que mañá e, aproveitando que había outro pleno, puxemos leste, había que facelo hoxe, vai para diante a urxencia ou non?

Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSG-PSOE:

Á urxencia vai para diante, pero non ten moito sentido que esperemos ao último día e teñamos que convocar outro pleno extraordinario.

Sr. Presidente:

Tes toda a razón, douche toda á razón e pídoche desculpas, é un erro, posiblemente meu, foi así, pero creo que é mellor facelo e asumir a responsabilidade, que non facelo.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a votación a ratificación da urxencia desta convocatoria, que foi aprobada por **unanimidade**.

2º) PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DA TAXA POR ASISTENCIA E ESTANCIA EN GARDERÍAS INFANTÍS. O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable á proposta da **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 10 de agosto de 2020.**

Sr. Presidente:

Queredes aclarar algunha cousa?

Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto:

Pero non facedes primeiro vós unha explicación, un pouco?

Sr. Presidente:

Á explicación é sinxela. Á explicación é que, se non se fai isto, non temos dereito a dar un segundo fillo de balde, eu soamente teño unha dúbida, pero imaxínoma que ma van sacar Sandra mais Paz e xa a aclaramos, non hai ningún tema mais que ese, a cuestión é cal é o segundo fillo, se un matrimonio que ten un fillo de 18 anos e, de súpeto, nácelle un rapaz agora, ese segundo fillo ten dereito a ser de balde, se ou non? Hai dúbidas con iso, pero xa o aclaran agora, aquí, no debate.



Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do PP:

Bo día a todos e todas, vamos a ver, traemos aquí a modificación da taxa, porque en 2019, a Xunta anuncia a gratuidade para o segundo fillo ou consecutivo e no primeiro ciclo de educación infantil, nas escolas infantís, sexa de identidade privada como pública e demais, á única consideración que di a Consellería é que as taxas deben ser equivalentes, iguais, ás que teñen na propia Consellería, as taxas de uso do servizo. Como ben saben, nós empezamos da man da Consellería en canto ao funcionamento das escolas infantís, mantendo tamén os prezos que tiña a Consellería no seu momento, paramos a subida do IPC durante anos e, esa diferenza de nove euros e pico na xornada completa, ven determinado por iso e é o que se está falando de asumir. Cando falamos de segundo fillo e consecutivos, estamos falando dentro dunha unidade familiar e, cando miramos a lei e vemos unidade familiar, vemos que se considera unidade familiar ata os dezaioito anos, entón tratase dunha unidade familiar que ten os dous fillos menores de dezaioito anos. Non se se isto aclara un pouco as dúbidas.

Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Efectivamente, había esa dúbida no tema da comisión, tiñámola na comisión, se era o segundo fillo matriculado e, efectivamente, non, é o segundo fillo da unidade familiar, como ben di a Concelleira de Educación, a min xérame outra dúbida que voto de menos nesta documentación e é que esta é unha decisión política da Xunta de Galicia, podes estar de acordo ou non, podes estar de acordo, mesmo poderíamos estar de acordo en que fose de balde para todos os nenos e non, en cambio, que, agora, os pais primerizos van a pagar un pouco mais que os que pagaron ata o de agora, porque vai ser mais caro o primeiro fillo, entón, para nós, se debería ser gratuito de 3 anos para abaixo, pero a min, a dúbida que me xera agora mesmo é que, sendo unha decisión política da Xunta de Galicia, esta documentación non veña acompañada dun Decreto ou dunha orde, onde a Xunta de Galicia se faga cargo do déficit que lle vai a presuponer ao Concello de Sanxenxo esta decisión política da Xunta e, explícome, no resto de concellos, todos sabemos de moitísimos concellos onde as escolas infantís son da propia Xunta e iso non vai repercutir nas arcas municipais, que creo que o concello xa ten competencias bastantes nas que gastar os cartos, como para asumir, tamén, mesmo decisións políticas da propia administración autonómica, polo tanto se que voto de menos que á administración autonómica, nunha decisión que é exclusivamente deles e nós temos que asumir, pero se que debería facerse cargo dese déficit e non que vaia a supoñer un deterioro das arcas públicas municipais, que non é competencia municipal, polo tanto, se que creo que á subvención que dá a Xunta de Galicia, para as escolas infantís, debería ser moi superior para cumprir ese déficit, non é xusto, unha vez mais, que noutros concellos iso non supoña un custo para as arcas municipais e, en cambio, en Sanxenxo, nós leste supoñendo un custo a maiores para as arcas municipais, está ben a decisión política, pero estaría mellor que nos dixesen como imos emendar ese déficit, non? Creo eu.



Sra. Rodríguez Búa:

Eu quería, a raíz do que se estaba comentando sobre as modificacións que se expoñen na ordenanza fiscal, efectivamente, preténdese bonificar ao segundo fillo, pero se que hai un aumento no primeiro fillo, non entendo porque se fai, por iso quería que me explicádeses porque se fai.

Sr. Presidente:

É sinxelo, porque senón non che dan a subvención.

Sra. Rodríguez Búa:

Depende da subvención?

Sr. Presidente:

Claro, é un requisito deles.

Sra. Lago Martínez:

O requisito é ter o mesmo importe que a Consellería nas taxas.

Sra. Rodríguez Búa:

E a variación, de canto é?

Sra. Lago Martínez:

Da nove euros a xornada completa e catro euros, media xornada por mes.

Sr. Presidente:

De todas as maneiras ese non é o debate das garderías, o debate é un pouco pola liña que ía Sandra, pero iso falarémolo outro día.

Sra. Rodríguez Búa:

Como me prometeu que me ía convidar ás comisións e, aínda, a día de hoxe, non me convidou, esta é a primeira noticia que teño.

Sr. Presidente:

Iso é culpa da concelleira.



Sra. Rodríguez Búa:

Non, é culpa de vostede, que é vostede quen se comprometeu a convidarme ás comisións e, aínda, á día de hoxe, non me convidou a ningunha, entón, esta pregunta teríaa feito na comisión, pero como non se me convidou á comisión, entón teño que...

Sr. Presidente:

Mire vostede, señora Rodríguez, vostede non vén ás comisións porque non sacou os votos suficientes para poder estar.

Sra. Rodríguez Búa:

Xa estamos outra vez.

Sr. Presidente:

Non é xa estamos outra vez.

Sra. Rodríguez Búa:

Non, iso é mentira, porque se podería modificar, se se quixese, o regulamento e poderíamos asistir todos ás comisións, así que non engane á xente, xa sei que a súa profesión é enganar á xente, pero non a engane dicindo iso, porque non é verdade.

Sr. Presidente:

Señora Rodríguez, sen acritude ningunha, se vostede sacase a metade dos votos que pensou que ía sacar, seguramente, tería moitos concelleiros, o que pasa é que non os sacou e non ten tantos, non obstante eu non son un alcalde dos que privan de estar, pero xa lle preguntou vostede varias veces á secretaría da comisión, se por min é, acuda desde hoxe vostede a todas as comisións, se ten que ser por min, acuda vostede a todas as comisións.

Sra. Rodríguez Búa:

En todas as comisións, no que eu lle expuxen, díxoselle, porque á parte é así, que se vostede me convida, eu non pretendo cobrar a comisión, que me dá igual, sinxelamente asistir.

Sr. Presidente:

Vostede asistir, con voz, pero sen voto.



Sra. Rodríguez Búa:

Dáme igual, con voz e sen voto, o voto xa o exercerei no pleno, pero quero asistir para ser coñecedora das cousas antes de vir ao pleno e, vostede, díxome moitas veces que, por vostede, non había ningún problema, pero hai que facer a invitación, porque unha cousa e falar de que non hai ningún problema, pero tena que facer formalmente, como di a lei, a min, senón se me avisa, non podoo vir.

Sr. Presidente:

Outra cousa é que se lle teña que dicir que día e que hora é, loxicamente vostede non é adiviña, ata aí entendo.

Sra. Lago Martínez:

Creo que vou aclaralo para que coñezamos, imos ver, sei que a concelleira Fernández Agraso coñece como funciona o tema da escola infantil, hai unhas taxas aprobadas de 160 €, que estabamos cobrando xa na época da concelleira, isto polos temas de bonificacións, pola renda, familias numerosas e demais, falaba dun dato e a vostedes direilles que, no ano 2019, que pagaran 168 nas escolas infantís, houbo tres familias, tres, e, a media xornada, que pagasen integramente, dúas, en cambio estamos a ver que, se poñemos en marcha o do segundo fillo e consecutivos, estamos a beneficiar ao 50% das familias do Concello de Sanxenxo, eu creo que nós non temos capacidade, desde esta corporación, para limitar ás familias a gozar diso. En canto a pregunta que fixo Martínez Agraso de como pagar, vostede coñece mellor ca min o Plan Concertado, no Plan Concertado, porque xa o contaba o Conselleiro de Educación e a asistente social de servizos sociais, onde nos explicou que lle dixeron que había que tomar nota de todos os datos, como queda, para saber o custo que ía a levar consigo, para que se nos embolsase despois de pasar todo, previa xustificación e previa documentación solicitada polo Consellería, entón, eu entendo que para as arcas municipais non vai a soportar ningún lastre económico, o que se entendo é que para as familias, na situación que estamos a vivir, se vai a soportar un beneficio, aínda que sexan 50, 80 euros ou 30 euros, van a aforrar, voulle dicir, temos un total de 95 familias matriculadas este ano, aínda non matriculadas, senón que están en praza e, 54, terían opción a ese segundo fillo, eu creo que, mais que empezar a darlle voltas, creo que hai que ver a onde vamos a axudar, a quen vamos a axudar, de que maneira vamos a facer e creo que tamén deberíamos encomiar que a Consellería, sen mais cartos de ningún outro goberno, nin moito menos, está a poñer en marcha, eu creo que é o primeiro paso dun camiño para chegar a gratuidade da primeira etapa da educación infantil, que é o que queremos todos, como están a facer as Comunidades Autónomas, que o están solicitando ao goberno central, creo que nos toca apostar polas familias ou non, creo que o goberno está a traballar para levalo a cabo e pido, en consonancia, o voto favorable.



Sra. Fernández Agraso:

Efectivamente, desde o noso partido, a nosa liña, é a gratuidade para 0 a 3, de todas maneiras non dubido e, seguramente, no Plan Concertado, pagarán, non pagarán, o que digo é que estamos nun pleno, estamos nunha votación importante, entón esas cousas non se deixan ao Plan Concertado que che pague, ten que haber unha orde na Xunta de Galicia onde diga que, se se acollen a este plan, vai pasar isto e nós ímoslle a dar isto, iso é o que voto en falta nesta documentación e, a iso, referinme na miña primeira intervención, para poder votar con mais seguridade e non despois esperar ao Plan Concertado, a ver se nolo dan ou non nolo dan, entendo que iso ten que estar por escrito e debería estar por escrito e, creo que niso estamos de acordo, que a competencia é autonómica e, os cartos dos veciños de Sanxenxo, teñen que estar nas competencias municipais, que non son poucas, entón cada administración ten que asumir as súas competencias. Por suposto hai un primeiro camiño, sería ideal o feito de que fose gratuíto para todos os nenos de 0 a 3, tamén o feito de que todos os nosos veciños lle vai saír un pouco mais caro no primeiro fillo, aínda que sexan 9 euros ao mes, mellor era a gratuidade, iso esta claro, que ademais o primeiro fillo, normalmente, adoita ser en parellas novas, que están a comezar a vida e, polo tanto, ao mellor, eses 9 euros, tamén, non hai que desprezalos, que é unha cantidade que, hoxe en día, pode solucionar moitas cousas, aínda que non o pareza e, o noso, vai ser a abstención, sinxelamente por iso, porque nos piden que nos fíemos de que despois tal, eu prefería ter a documentación, pero tampouco vamos a ser un atranco para isto, baixo ningún concepto.

Sra. Rodríguez Búa:

Eu tamén quero explicar o voto, porque tamén me vou abster, pero se que quero deixar constancia que, evidentemente, se que apoiamos calquera medida que teña a gratuidade das familias, o que pasa é que consideramos que, na postura na que estamos agora mesmo, non temos suficiente información para poder votar e neste punto sobre todo, porque hai unha cousa que nos chama a atención, que, efectivamente, aínda que se modifica a partir do segundo fillo en diante, o primeiro se supón ese incremento, que é unha cousa que nos queríamos poder haber estudado, se se puidese evitar ese incremento do primeiro fillo, porque efectivamente, xa non só no primeiro fillo é o feito de que o primeiro se ten cando a situación económica non é a mellor das familias, senón que, ademais, hai moitas familias que só poden teñen un fillo, polo cal mesmo non poderían chegar a facerse cargo disto, polo tanto non temos información suficiente, ao noso entender, pola urxencia da convocatoria deste pleno, para poder aclarar esa cuestión e, polo tanto, ímonos a abster.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal do PS de G-PSOE e Sr. Torres Pérez do Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.



Abstencións: 03 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. Rodríguez Búa do Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: aprobar inicialmente a “**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POR ASISTENCIA E ESTANCIA EN GARDERIAS INFANTÍS MUNICIPAIS**”.

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo exporase ao público na taboleiro de anuncios do concello por un prazo mínimo de trinta días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamación que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no BOP e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no BOP.-----

Sendo as nove horas e corenta e sete minutos, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**

